

CURTOCIRCUITO

PULSAR: ANA VAZ



MÉRCORES 5 DE OUTUBRO
22:00 | 1h 14min

SACRIS PULSO

2008, Australia / Brasil, 15 min

Sacris Pulso parte da desarticulación doutra curtametraxe, *Brasilíarios*, adaptación filmica da crónica que é *Brasília*, de Clarice Lispector; un texto visionario no que se contempla a capital xa inaugurada en tanto que ruína do futuro ou procedente del.

ASMANS NEGATIVAS

Les mains negatives, 2012,
Francia, 15 min

Unha postal das feiras
de Saint-Ouen (París, 2012).

NAMENTRES

Entretemps, 2012,
Francia, 11 min

Meditación e fantasía nunha cidade a un
tempo real e imaxinada.

A IDADE DA PEDRA

A idade de pedra, 2013,
Francia / Brasil, 29 min

Unha viaxe ao extremo occidental
de Brasil condúcenos a unha estrutura
monumental, petrificada no centro
da sabana.

VENRES 7 DE OUTUBRO
22:00 | 47 min

PELÍCULA RECUPERADA

A Film Reclaimed, Ana Vaz
& Tristan Vera, Francia, 19 min

A crise ecolóxica é unha crise
política, económica e social.
Tamén é cinematográfica, xa que
o cine coincide historicamente,
e en sentido crítico e descritivo,
co xurdimento do Antropoceno.

OCCIDENTE

2014, Francia / Portugal, 15 min

Un poema filmico dunha ecoloxía
de signos que nos fala dunha historia
colonial que se repite; os subalternos
convértense en amos, as antigüidades
transfórmanse en cubertos
reproducibles, as aves exóticas
tórnanse bens de luxo, a exploración
pasa a adquirir a categoría de turismo
de deporte extremo, os monumentos
vólvense datos xeográficos.

TERRA Á VISTA!

Ha terra!,
2016, Francia, 12 min

Terra á vista! é un encontro,
unha persecución, unha narración
diacrónica de procura
e transformación.

Cicelado ao longo de oito
curtas e mediametraxes,
o cinema de Ana Vaz alía
a innovación formal
co pensamento de
cuestións históricas,
políticas e epistémicas.

Raquel Schefer, A CUARTA PAREDE

+ AULA OS OLLOS VERDES CON ANA VAZ

«I prefer
not to be
but to Tupi»

Luns 3 de outubro, 17:30

Colaboran:



«Cómprenos desligar do proxecto occidental de dominación e destrución»

Entrevista con Ana Vaz

Por Aily Nash

En Occidente, pos en cuestión a relación postcolonial entre Brasil e Portugal. Como se alía isto coa idea do Antropoceno? Poderíamos dicir que un proceso acelera e alimenta o outro, e que o seu impacto é sistemático. Ao enfrontar a nosa ruína ecolóxica estamos obrigados a reconsiderar e analizar as nosas relacións e actividades, os nosos vicios e modos de vida. Eis a cerna do discurso postcolonial que, de cando en vez, activa o meu cinema. Gústame defender, canda outros moitos pensadores, que o Antropoceno comeza coa chegada de Colón ás Américas, que é a concreción do proxecto europeo, do proxecto occidental. Así, en *Occidente* e noutros filmes meus reflexionei sobre o nomeado *descubrimiento de América* como un problema de identidade, externa e internamente. A columna vertebral de *Occidente* ancorase no pensamento antropofáxico. Oswald de Andrade, autor do *Manifesto Antropofáxico*, dixo ter descuberto Brasil ao estar lonxe. «Desde o alto dun taller en Place de Clichy descubriu a súa propia terra», escribiu Paulo Prado sobre Andrade. Esta perspectiva reservíbel atopámola na base da teoría da devoración, que pide prestados os rituais que levaban a cabo as tribos caníbales do Brasil amerindio que abraiaron os colonizadores europeos nos primeiros contactos.

Tamén me gusta pensar en quen devora a quen. Fun a Lisboa gravar *Occidente* como un xeito de etnografía inversa. Quería imaxinar a viaxe oposta, de América á costa europea, de Brasil ao peirao do centro colonial histórico: Lisboa.

O filme olla as relacións elásticas entre espazos e xestos, pobo e contorna social, animais e rituais, exposicións botánicas e museísticas. Olo a proposta antropofáxica de Oswald como un método para unha constante

descolonización dos nosos xeitos de pensamento, e baixo a lóxica deste paradigma que opón cultura e natureza. A antropofaxia é unha filosofía negativa que nos impele a inxerir o noso inimigo para subverter a lóxica imperial, o desequilibrio entre nós propios e o outro, de maneira que poidamos introducirnos no outro. Daquela si, para responder á cuestión do Antropoceno e a súa relación a esta cosmoxía postcolonial que confronto no meu cinema, hai certamente unha lóxica desestabilizadora no meu traballo, na que as cousas son a un tempo postas en conflito e contradición con outras nunha dialéctica constante de *quen coloniza a quen?* Iso é o que o nomeado Antropoceno nos leva a facer, redefinir a nosas relacións para nos desligar das ataduras naturalizadas do proxecto occidental de dominación e destrución, exclusividade e propiedade, explotación e esgotamento.

Publicado en: www.filmcomment.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

OS LIBROS DE ANA VAZ

Metafísicas caníbales, Eduardo Viveiros de Castro. Katz, 2010
Divine Horsemen: The Living Gods of Haiti, Maya Deren. Re:Voir [DVD]
Manifiesto para cyborgs, Donna Haraway. Puente Aéreo, 2014
La pasión según G.H., Clarice Lispector. Siruela, 2013
The Forest and the School, Pedro Neves Marques. Archive Books, 2015
Ficciones, Jorge Luis Borges. Debolsillo, 2011
La imagen-movimiento, Gilles Deleuze. Paidós, 1984
Poetics of Cinema, Raoul Ruiz.
Derek Jarman's Sketchbooks, Stephen Farthing (ed.)
The Mushroom at the End of the World, Anna Lowenhaupt Tsing.

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org